


#### TEMA 4. - ARTE PRERROMÁNICA: COMENTARIO DE SANTA MARÍA DO NARANCO

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Igrexa de Santa María do Naranco. Edificio relixioso da arte prerrománica asturiana. Reinado de Ramiro I: período de esplendor. Mediados do século IX. Localización: moi próxima a Oviedo (a 3 kilómetros), no monte Naranco, un marco de enorme beleza. Material: pedra.

**c.- Analiza e comenta a obra:** Santa María do Naranco foi mandada construír por Ramiro I como palacio para a caza e para a entrega das enseñas [bandeiras] ao exército asturiano cando ía á guerra. No século XII transformouse nunha igrexa dedicada á Virxe María. Formaba parte dun conxunto palaciego no que se incluía a igrexa de San Miguel de Lillo.

A **planta** é rectangular. Consta de dous pisos que no exterior simulan tres: ambos están divididos en tres salas. No primeiro piso, a sala central era unha capela cuberta con bóveda de canón, e das laterais -que tiñan cubertas alinteladas en madeira- sábese que unha era o baño. No segundo piso ou piso principal reproducése a distribución do inferior: a sala central, que é a máis importante da construción, e as salas laterais, que son dous pórticos abertos ao exterior, como balcóns, por amplas arcadas. Nas fachadas laterais aparecen dous miradoiros, un deles con escaleiras de dobre rampla que permiten o acceso á sala central do segundo piso.



No **interior** destaca a sala principal do segundo piso. Os soportes empregados son muros




moi grosos con arcos cegos, piares e columnas con fuste sogueado<sup>1</sup>: os capiteis son troncopiramidais invertidos e están decorados con sogueado. Utilízanse arcos peraltados, trazo característico desta arquitectura. Na cabeceira e pés da sala aparecen tres arcos peraltados que comunican cos pórticos. Na sala conquistase totalmente o espazo interno xa que está cuberta na súa totalidade cunha bóveda de canón apoiada sobre seis arcos de faixa que levan o peso da bóveda ás columnas [algunhas columnas aparecen agrupadas de dúas en dúas e outras de catro en catro] que están pegadas ao muro [que ten arcos

<sup>1</sup> En forma de sogá ou corda

peraltados cegos]. A bóveda de canón con arcos de faixa é un dos elementos máis transcendentales desta arquitectura: este tipo de bóveda vaise xeneralizar en Europa no Románico, a partir do século XI, e en Asturias xa se utilizaba no século IX.

Utilízase o aparello de cachotería tanto nos muros como nas bóvedas, aínda que nas esquinas dos muros, nos contrafortes e nos



arcos, incluídos os de faixa, usan pedra en perpiaños para resistir mellor os pesos.



Os elementos decorativos máis destacados son o sogueado, os capiteis decorados con figuras humanas ou animais e os medallóns colgados de cintas nas

enxutas dos arcos .

**Exteriormente** o edificio é austero e de pequeno tamaño pero acada grande altura; levántase sobre un pequeno zócalo [influxo romano] e ten altos contrafortes que se usan por primeira vez na arquitectura española [cos que se anticipan ao Románico] que acentúan a verticalidade. As fachadas principal e posterior organízanse de abaixo a arriba da seguinte maneira:



- Parte inferior: na fachada principal ten unha porta cun arco de medio punto e na posterior tres arcos de medio punto.



- Parte media [correspóndese co segundo piso]: nas dúas fachadas presenta arcos xeminados [arcos que comparten as columnas do medio] triples peraltados que se apoian sobre columnas corintias con

fustes sogueados; entre os arcos aparecen cintas das que colgan medallóns.

- Parte superior [correspóndese co segundo piso]: arcos xeminados triples peraltados moipequenos [semellan arcos de ferradura].



Santa María do Naranco é un edificio moi coidado no que se aprecia unha grande elegancia e refinamento. É coñecida como *"a xoia do prerrománico español"*.